

NORMATIVA DE COMPETICIÓNS 2021

Normas comúns para tódalas competicións

As normas complementarias, establecidas pola Federación Galega de Caza (FGC), para as distintas competicións, prevalecerán sobre os Regulamentos das diferentes modalidades.

Ante calquera situación non prevista nestas normas, estarase ao disposto nos regulamentos específicos de cada modalidade.

1.- Cada proba deportiva anunciárase con tempo suficiente mediante o correspondente programa da competición, no que deberán figura-los seguintes apartados:

- a) Nome e categoría da proba.
- b) Lugar da celebración.
- c) Data e hora.
- d) Xurado de Competición. Nos campionatos autonómicos presidido polo Delegado Federativo da proba e os catro Representantes Provinciais.
- e) Participantes.
- f) Nº de prazas en competición para a fase seguinte.
- g) Prezo da inscrición nas competicións de participación libre.
- h) Lugar onde se efectuará a inscrición e data límite.
- i) Lugar do sorteo.
- j) Os participantes deben estar en posesión da tarxeta federativa autonómica da Federación Galega de Caza en vigor ou homologado pola FGC.

2.- Despois de facer pública a clasificación, os participantes disporán do prazo que se determine regulamentariamente, e no seu defecto de 15 minutos para posibles reclamacións. Ditas reclamacións faranse por escrito, sobre as que decidirá o Xurado de Competición da proba previo depósito da cota que determine o correspondente Regulamento da Competición, no caso de que dita cantidade non estea especificamente recollida no regulamento o depósito será do dobre da cota de inscrición. Este depósito poderá recuperarse si o fallo é favorable ao reclamante.

3.- As actas utilizadas en cada competición serán según modelo que facilitará ao efecto a Federación Galega de Caza, sendo o único documento válido posterior á proba, por iso os xuíces e árbitros deberán poñer a máxima dilixencia en cubrir tódolos apartados: inscritos, participantes, clasificados, etc., e reflecti-las incidencias, reclamacións, e decisións do Xurado de Competición, así como as actitudes antideportivas de participantes ou de persoas relacionadas co concurso no apartado de OBSERVACIÓNS que figurará nas actas de tódalas competicións.

Os xuíces e árbitros asinarán e entregarán a Acta ao Delegado Federativo da proba que será o encargado de enviala á Federación Galega de Caza, quedándose cunha copia o Responsable da Proba.

Nas competicións nas que os participantes teñan que acudir acompañados dun xuíz (caza menor, arceas e raposo), este deberá se-lo mesmo que figure na inscrición, salvo circunstancias excepcionais debidamente acreditadas, e a súa presenza será imprescindible, sendo motivo de descalificación o incumprimento deste requisito.

O Director da Proba constitúe a autoridade deportiva da proba ou competición. Decide o seu inicio, finalización, ou se é o caso, suspensión. Resolve os erros materiais ou de feito cometidos polos xuíces resolvendo as discrepancias xurdidas entre varios xuíces en 1ª instancia, e aquelas outras que por estes lle sexan sometidas á súa decisión, verifica que as instalacións deportivas sexan aptas para o desenvolvemento da competición, vixía o cumprimento das regras técnicas, podendo examinar: municións armas, licenza federativa, cartillas, precintos, etc. Conformar e rubrica a acta definitiva da proba ou competición.

4.- O Comité de Xuíces e Árbitros da Federación Galega de Caza, designará aos xuíces e árbitros de tódalas competicións oficiais, agás as de caza menor con can, arceas e raposo. Os gastos de arbitraje liquidaraos directamente a sociedade organizadora aos xuíces e árbitros o mesmo día da competición.

5.- As competicións de rango inferior (competicións sociais, comarcais, copas Galicia) deberán ter en conta que non poderán coincidir con competición superior (campionato provincial ou campionato galego) da mesma modalidade que estea no calendario oficial da Federación Galega de Caza, salvo excepcións debidamente xustificada.

6.- A Copa Federación das diferentes modalidades deportivas pasarán a denominarse Copa Galicia. A denominación da Copa Federación quedará para aquelas probas de nova creación e/ou aquelas outras nas que non houbera unha clasificación xeral que permita o acceso a ningunha outra de rango superior.

7.- O campión ou campioa dos Campionatos Galegos de tódalas modalidades deportivas, aínda que o campionato sexa de inscrición libre, defenderán o título da edición anterior; a súa inscrición correrá a cargo da FGC, e será a propia Federación Galega a encargada de convocalos.

8.- Tódolos deportistas clasificados deberán confirmar ás Federacións ás que representen a súa asistencia á fase seguinte, sendo motivo de expediente o incumprimento deste requisito.

Nas competicións organizadas pola Federación Galega de Caza (Provincial, Autonómico, e Copa Galicia), os deportistas que participen en competicións nas que se utilicen armas deberán dispor de un seguro de responsabilidade civil cunhas coberturas mínimas de 600.000 € sen sublímite por vítima; e naquelas nas que non se usen armas os participantes deberán dispor de un seguro de responsabilidade civil cunhas coberturas mínimas equiparable ao Documento Único R

9.- Nas competicións de inscrición *libre*, os participantes deberán formalizala súa inscrición ante a FGC, dentro do prazo previsto no Programa da proba.

10.- Para cada provincia só é obrigatoria a organización do Campionato Provincial, sendo competencia desta a realización ou non de semifinais ou comarcais para a clasificación.

11.- No caso de que unha provincia non cubra o cupo asignado nunha proba autonómica, a Federación Galega de Caza poderá cubrir eses postos mediante repesca realizada de xeito proporcional naquelas provincias que teñan unha participación máis numerosa, sumándose, ademais do campionato provincial.

12.- Non se pode participar de xeito oficial en máis dun Campionato Provincial clasificatorio para o Campionato Galego de cada modalidade deportiva. A inclusión dun mesmo participante en máis dunha acta invalidará a súa clasificación en tódalas probas nas que participara. Cando se trate de un equipo ningún dos seus membros poderá participar en mais de un campionato provincial con dereito a clasificación mesmo cando o equipo sexa can e cazador.

13.- En tódalas competicións nas que se participe con cans, deberá de figurar o nº de Microchip de cada can na folla de inscricións da proba.

14.- Os deportistas da Seleccións Galega das diferentes disciplinas deportivas cando representan á Federación Galega de Caza deberán ir debidamente uniformados coa vestimenta que facilitará a FGC. Os deportistas clasificados para a formación das diferentes Seleccións Galegas, que por motivos xustificadas non poidan participar nos respectivos Campionatos de España deberán acreditarlo de forma fehaciente ante a FGC no prazo que se estableza. Os deportistas que non o acrediten suficientemente enténdese que renuncian a participar coa Selección Galega indefinidamente. Se nun futuro –previa clasificación- decidiran volver a formar parte da Selección Galega, deberán solicitalo por escrito ante a FGC que á vista da súa petición resolverá. O número de deportistas clasificados nas distintas modalidades se desglosa no **Anexo II**.

15.- Os participantes dunha competición, unha vez iniciada a mesma, establecidos as quendas e/ou horarios, non poderán rehusar salvo causa de forza maior, e previa autorización do Director da proba, a súa quenda de participación, debendo estar en todo momento a disposición dos xuíces/árbitros naqueles campionatos que os houbera, ou Director da Proba.

16.- O nº de prazas para os campionatos autonómicos das distintas modalidades queda do xeito que se indica a continuación, tendo en conta que cada provincia contará cun mínimo de participantes, sendo o resto proporcional ao nº de licencias federativas por cada provincia.

PERCORRIDOS DE CAZA

- 12 tiradores por cada provincia e o resto proporcional ás Licencias Federativas.

Coruña	12+6 = 18
Lugo	12+5 = 17
Ourense	12+1 = 13
Pontevedra	12+5 = 17

(65 Participantes seleccións provinciais + campión ano anterior + 2 clasificados da Copa Galicia).

COMPAK SPORTING

- 12 tiradores por cada provincia e o resto proporcional ás Licencias Federativas.

Coruña	12+6 = 18
Lugo	12+5 = 17
Ourense	12+1 = 13
Pontevedra	12+5 = 17

(65 Participantes seleccións provinciais + campión ano anterior).

SAN HUBERTO

- 4 concursantes por cada provincia e o resto proporcional ás Licencias Federativas.

Coruña	4+2= 6
Lugo	4+1= 5
Ourense	4+1= 5
Pontevedra	4+1= 5

(21 participantes de seleccións provinciais + campión ano anterior + 5 clasificados da Copa Galicia).

CAZA MENOR E ARCEAS

- 4 Concursantes por provincia e o resto proporcional ás Licencias Federativas.

Coruña	4+2= 6
Lugo	4+1= 5
Ourense	4+1= 5
Pontevedra	4+1= 5

(21 Participantes seleccións provinciais + campión ano anterior).

RASTRO DE COELLO

- 2 Equipos por provincia e o resto proporcional ás Licencias Federativas.

Coruña	2+1= 3
Lugo	2+1= 3
Ourense	2+0= 2
Pontevedra	2+1= 3

(11 Equipos seleccións provinciais + campión ano anterior + 2 clasificado da Copa Galicia).

RASTRO XABARIL

- 6 Concursantes por provincia e o resto proporcional ás Licencias Federativas.

Coruña	6+4 = 10
Lugo	6+4= 10
Ourense	6+1= 7
Pontevedra	6+3= 9

(36 Participantes seleccións provinciais + campión ano anterior + 3 clasificados da Copa Galicia).

RAPOSO

- 2 Equipos por provincia e o resto proporcional ás Licencias Federativas.

Coruña	2+2= 4
Lugo	2+2= 4
Ourense	2+0= 2
Pontevedra	2+2= 4

(14 Equipos seleccións provinciais + campión ano anterior + 1 clasificado da Copa Galicia).

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE SAN HUBERTO

- 1.- O Campionato Autonómico disputarase en tres campos, sacados a chou entre os participantes, se ben faranse por cabezas de serie, de tal xeito que en cada campo estean a lo menos un 1º, un 2º, un 3º e un 4º clasificado dos Campionatos Provinciais. De cada campo pasarán os dous primeiros ao "barrage".
- 2.- O Campión Galego será o vencedor do "barrage". O tempo de cada participante no "barrage" será de 10 minutos.
- 3.- Poderán participar calquera can que estea inscrito nun libro xenealóxico legalmente recoñecido.
- 4.- Un mesmo deportista poderá cambiar de can nas distintas fases (provincial o autonómico), xa que nesta disciplina quen prima é o cazador e non o can.
- 5.- Na modalidade de "Donas" e "Springers", no Campionato Galego, a inscrición, será libre, previa participación no campionato provincial.
- 6.- As Donas e Springers participarán nun campo independente do campionato absoluto.
- 7.- No resto de probas, unha vez realizada a clasificación do barrage, o seguinte clasificado, será o do campo campión, para continuar polos campos seguintes, en sentido ascendente. Exemplo: Campo Campión "B" seguinte clasificado o do campo "B", para continuar ao "C", si houberse "D" ao "D", e continuar con o "A", "B", "C", e así sucesivamente.
- 8.- Os Campionatos Provinciais, poderán ser (abertos ou pechados), a criterio das respectivas Federacions Provinciais, que así o expresarán no correspondente Programa.

No suposto de ser ABERTO, si o número de participantes libres é suficiente para formar con eles unha batería, procederase a formala e será unha batería máis da competición. Pasarán ao barrage no suposto de TRES baterías os dous primeiros de cada unha, si houbera máis de tres baterías, pasará só un participante de cada batería, (por motivos excepcionais, deixarase a criterio da organización, no caso de mais de tres baterías, que pasen ao barrage un ou dous por batería). Para o resultado da proba serán considerados tódolos participantes con os mesmos dereitos, excepto na CLASIFICACION OFICIAL, que se confeccionará correndo os postos ocupados polos participantes libres, polos seguintes Oficiais da clasificación xeral.

No suposto de que o número de participantes libres non puideran completar unha batería, a organización tratará na medida do posible, de distribuír o mesmo número de concursantes libres en cada batería.

As probas puntuable (COPA GALICIA), serán sempre abertas, aplicándose para a clasificación de puntos, os mesmos criterios que para os campionatos Provinciais.

9.- Si un participante é eliminado no barrage, quedará no último posto do mesmo, non afectando nin anulando a puntuación obtida na batería.

10.- No caso de que un participante se clasifique para o campionato galego nas dúas modalidades poderá participar en ambas.

11.- O cazador, só co seu can, efectuará unha quenda cuxa duración será de entre 15 a 20 minutos según criterio do director da organización. As quendas do Campionato Galego serán sempre de 20 minutos.

12.- Para formar a Selección Galega na categoría Homes, elixirase aquel participante da Copa Galicia que obtivera a maior puntuación. Os restantes deportistas da Selección Galega, ata completar o número de prazas asignado, serán os mellores clasificados no Campionato Galego da mesma categoría.

Será obrigatoria a participación no Campionato Galego do clasificado para a Selección Galega pola Copa Galicia. No caso que o campión da Copa Galicia forme parte do podio no campionato Galego, a praza será cuberta de maneira correlativapola clasificación do Campionato Galego.

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE PERCORRIDOS DE CAZA E COMPAK SPORTING

- 1.- Será Campión Galego o mellor clasificado no campionato autonómico. Sempre que participara nun campionato provincial.

2.- Para conforma-la selección que represente a Galicia no Campionato de España clasificaranse directamente do Campionato Galego a metade (ou a metade máis un, se o nº de prazas é impar). Os restantes postos serán cubertos por aqueles tiradores que acaden as puntuación máis altas da suma dos campionatos provinciais a razón de 16 ao 1º, 15 ao 2º, 14 ao 3º, 13 ao 4º, 12 ao 5º, 11 ao 6º e así sucesivamente, e do autonómico con $16 \times 3 = 48$ ao 1º, $15 \times 3 = 45$ ao 2º, $14 \times 3 = 42$ ao 3º, $13 \times 3 = 39$ ao 4º, e así sucesivamente

O nº de prazas da selección galega estará formado por:

En RRCC: 6 tiradores, 4 da categoría home, clasificados conforme á normativa de competicións da FGC, e 2 tiradores pertencentes a dúas categorías especiais (sénior, donas, xuvenís, veteranos, Master e Tiro Adaptado). En Compak Sporting: 6 tiradores, 4 da categoría home, clasificados conforme á normativa de competicións da FGC, e 2 tiradores pertencentes a dúas categorías especiais (sénior, donas, xuvenís, veteranos, Master e Tiro Adaptado).

Para a elección das categorías especiais tomarase como base aquelas nas que o primeiro clasificado obtivera maior número de pratos escachados no Campionato Galego conforme á normativa de competicións da FGC. A estes pagaráselles inscrición e subvención.

3.- Cando no resultado da suma de puntuacións se produza un empate, prevalecerá a mellor clasificación no campionato autonómico.

4.- Para a entrega de trofeos na proba autonómica só se terá en conta a clasificación acadada nesta proba.

5.- O Campionato Autonómico disputarase a 150 pratos. Tanto os campionatos provinciais como o galego serán de participación libre, tendo dereito a premio calquera tirador que abonara a mesma inscrición que os tiradores oficiais. Só terán dereito a clasificación os tiradores da provincia, no caso de campionatos provinciais.

Os desempates realizaranse só para o podio da xeral e mais para o primeiro clasificado das distintas categorías. Se houberse empate no resto de posicións faranse polo mellor número de pratos rotos no campo de desempate. De persistir

o empate tomarase como referencia o primeiro cero do campo de desempate. No caso de volver a persistir o desempate este realizarase no campo anterior utilizando os mesmos criterios.

6.- Cantaranse só os "ceros". Ao finaliza-la intervención de cada escuadra, en cada posto, o árbitro "cantará" os pratos escachados por cada tirador.

7.- Ao rematala intervención en cada campo os tiradores deberán asinalas planillas de puntuación. O tirador que non asine a planilla entenderase que acepta o resultado reflectido na mesma polo árbitro do campo, non podendo reclamar con posterioridade en canto ao resultado obtido nese percorrido.

8.- Ao campión do ano anterior, se non participou no Campionato Provincial, asignaráselle unha puntuación para esta proba igual ao posto que acade no autonómico.

9.- As categorías serán:

JUNIORS menores de 21 anos

MULLERES E HOMES entre 21 e 55 anos, a partir do 1 de xaneiro do ano en que cumplan 21 anos non importa o día e o mes de nacemento.

SENIOR entre 56 e 65 anos, a partir do 1 de xaneiro do ano en que cumplan 56 anos non importa o día e o mes de nacemento.

VETERANOS entre 66 e 73 anos, a partir do 1 de xaneiro do ano en que cumplan 66 anos non importa o día e o mes de nacemento.

MASTER maiores de 74 anos, a partir do 1 de xaneiro do ano en que cumplan 74 anos non importa o día e o mes de nacemento.

Nas probas oficiais da Federación Galega de Caza realizarase unha entrega de trofeos ao podio da xeral e ao campión de cada categoría.

A clasificación para as seleccións provinciais; cada provincia contará cun mínimo de participantes, sendo o resto proporcional ao número de licenzas federativas por cada provincia. O reparto deste número será por categorías e o resto por orde de clasificación proporcional á participación das categorías. Na categoría "xuvenís", no Campionato Galego, a inscrición, será libre, previa participación no campionato provincial

10.- Ao principio de cada tempada, establece-se un ranking autonómico único para ambas disciplinas, tendo en conta os datos de participación en probas oficiais da FGC, considerando como tales, os campionatos provinciais e campionatos galegos nos que participa cada tirador, mediante a correspondente media aritmética

11.- Os niveis establécense polos resultados obtidos nas distintas competicións, sendo os seguintes:

Aplicanse a todas as categorías os niveis dos deportistas

NIVEL A, puntuación superior ao 90 % dos acertos do gañador da proba.

NIVEL B, puntuación entre o 75% e o 89,99% dos acerto do gañador da proba.

NIVEL C, puntuación igual ou inferior ao 74,99% dos acertos do gañador da proba.

As porcentaxes serán consideradas a partir do resultado conseguido polo primeiro clasificado, non polo total de pratos de que se compón a proba. Todo aquel tirador que comece a practicar este deporte adxudicaráselle o nivel de iniciado. Este nivel só pode manterse durante un ano.

O ascenso ou descenso de categoría só será por resultados deportivos. Un tirador ascenderá ao nivel superior cando alcance as porcentaxes esixidas, nestas normas.

O nivel asignado a cada deportista manterase durante todo un ano natural e poderá ser modificado o ano seguinte tendo en conta as probas oficiais que determine a Federación Galega de Caza.

Unha vez alcanzado o nivel, este nunca se perde por inactividade dos deportistas. Descenderase de nivel unicamente cando non se superen as porcentaxes en polo menos dúas probas das determinadas pola FGC, que deberán realizarse na súa totalidade.

Os deportistas que abandonen por idade a categoría xuvenil, serán incluídos no nivel C durante un ano, podendo de forma voluntaria e expresa estar no nivel que lles correspondería polos resultados obtidos no ano anterior.

12. – No que respecta á organización do Compak en liña, o grupo estará formado polo número total de tiradores dividido polo número de Compaks.

Para o **Compak en liña**, o primeiro tirador do día estará precedido por un árbitro ou por un tirador, non por un competidor, que disparará ou simulará toda a serie. Con todo, en caso de interrupción do tirador, o árbitro volverá mostrar todos os obxectivos ao primeiro tirador do novo grupo.

Do mesmo xeito, o último tirador do día será seguido por un árbitro ou un tirador, non por un competidor, que lle mostrará, en cada posto de tiro, o primeiro obxectivo do seu(s) dobre(s).

SPORT FEDECAT

Nesta disciplina, se pretende simular a caza, debéndose adaptar as traxectorias no modo e na distancia ás especies cinéticas de caza menor, con armas de caza, sobre obxectivos artificiais.

As competicións dispútanse en 150 pratos, cunha final para os 6 primeiros da clasificación xeral, esta final xógase a 25 pratos, nun campo que será designado polo xurado da competición.

A estes tiradores contabilizaráselles (suma) os pratos xa tirados na proba.

Área de Tiro.- O campo de tiro, será unha "raqueta de tiro", ou unha área de terreo, que pode ou non ser plana, equipada cunha variante de 5, máquinas manuais e/ou automáticas.

Máquinas.- As máquinas serán 5, e estarán colocadas en orde alfabética, A, B, C, D, E. de esquerda a dereita, tendo en conta a posición de tiro.

Pratos.- Os pratos que se utilizarán serán da cor máis recomendada para a localización do evento deportivo, e pódense utilizar variantes de "NORMAL", "MINIS", "RABBITS" E "PATENAS".

Traxectorias.- As traxectorias serán: de esquerda a dereita, de dereita a esquerda; prato de arranque; e prato de entrada, e unha máquina máis cun prato de dirección libre, sempre con referencia á posición de disparo, completando así as 5 máquinas necesarias para un campo de tiro.

Postos de Tiro.- Para cada 25 pratos utilízanse 3 posicións de tiro, cun metro de diámetro e/ou un metro cadrado de superficie.

Posición de Tiro.- O tirador ten que poñer os pés dentro da área do posto de tiro, sen con isto pisar a liña circundante que a delimita. A colocación da escopeta é aleatoria, sendo a de maior comodidade e conveniencia para o tirador. De prato a prato, hai un espazo de dez (10) segundos para a súa execución, tanto en pratos individuais como en dobres.

O tempo de lanzamento dun prato, despois da solicitude de prato do tirador, é de 0 a 3 segundos, tanto en individual como en Dobres.

	1ª Opción	2ª Opción
Posición 1	4 Simples + 2 Dobres	5 Simples + 2 Dobres
Posición 2	3 Simples + 3 Dobres	5 Simples + 1 Dobre
Posición 3	4 Simples + 2 Dobres	5 Simples + 2 Dobres
Total	25	25

O dobre ao tiro, despois de pedido e disparado o primeiro prato, lánzase o segundo prato, podendo o tirador dobrar o tiro no primeiro prato.

Dobre simultáneo, cando se solicite, libéranse 2 pratos, como o seu propio nome indica, de forma simultánea. A súa execución é libre, e poderá golpear os dous pratos cun só disparo, validando o resultado.

Para cada serie de 25 pratos, requírese un mínimo de 2 dobres simultáneos.

Armas e Municións.- As armas utilizadas non poderá exceder do calibre 12, tanto as de carga por báscula, paralela ou superposta, así como a semiautomática. Sempre que non estean para executar o tiro, as escopetas deben estar descargadas e abertas. Só é posible o cambio de 'shock ou canón' no cambio de posición, sen que para isto cáusese ningún atraso na conclusión do tiro. Non está permitido que unha arma por anomalía dispare dous tiros simultáneos xa sexa en dobres ou simples.

A carga de cartucho está limitada a 28 gramos, cunha tolerancia de 0,5 gramos. Toda a gama de chumbo debe ser esférica, cun diámetro de 2mm a 2,5mm. O uso de artificios de carga (dispersores ou outros), está prohibido, así como o uso de cartuchos enchidos, así como cartuchos trazadores. Sempre que un árbitro o estime conveniente poderá solicitar ao tirador 2 cartuchos, antes de que empece o tiro, para o control dos mesmos.

Protección.- É obrigatorio o uso de protección ocular (lentes), así como de protectores auditivos.

Código de Vestimenta.- É obrigatorio o uso de "dorsal", co número correspondente, que debe ser colocado na parte posterior do tirador.

Está prohibido o uso de pantalóns curtos, camisa sen mangas, así como pantalóns curtos por encima do xeonllo. Tamén se prohibe o uso de sandalias ou zapatillas.

NORMAS PARA A COPA GALICIA DE CANS DE PARADA (Caza Práctica)

1.- A competición da Copa Galicia de Cans de Parada estará formada polas probas seguintes:

COMPETICIÓN OFICIAL:

- COPA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA DA CORUÑA
- COPA FEDERACION GALEGA DE CAZA DE LUGO
- COPA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA DE OURENSE
- COPA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA DE PONTEVEDRA
- COPA GALICIA - CAMPIONATO GALEGO

- COPAS GALICIA:

As probas desta modalidade, realizadas por sociedades ou clubs federados e que se inclúan na denominada COPA GALICIA, que, previa solicitude á FGC, e cunha antelación mínima de tres meses á data de celebración do campionato Galego salvo autorización expresa da FGC,, cumplan cos criterios técnicos establecidos na normativa vixente e os terreos se adapten a unha proba destas características. Para todas elas requírese un mínimo de 12 parellas de cans (entre razas Británicas e Continentais).

A SELECCIÓN GALEGA estará formada polos catro primeiros cans de razas Británicas e os dous primeiros de raza Continentais clasificados trala suma das puntuacións obtidas por estes, en cada unha das probas da competición oficial e a mellor clasificación obtida no resto das probas.

2.- Para representar a Galicia no Campionato de España tanto o condutor como o propietario do can deben ser galegos. A estes efectos enténdese como galego aquel que acode representando a unha sociedade de caza inscrita no rexistro da FGC.

3.- Puntuacións:

CACT o CACIT	12 Puntos (*)
RCACT o RCACIT	11 Puntos (*)
EXCELENTE 1º	10 Puntos
EXCELENTE 2º	9 Puntos
EXCELENTE 3º	8 Puntos
Demais Excelentes	7 Puntos
MOI BO	4 Puntos
BO	1 Punto

(*) Sempre que as probas teñan esta validez, previa autorización da Real Sociedade Canina Española.

4. No caso de empate prevalecerá a cualificación máis alta obtida nalgunha das probas da competición oficial. De persistir, prevalecerá a que houbera obtido nalgunha das probas do resto da competición. No caso de que non se puidera desfacer o empate seguindo os criterios anteriores, celebrarase un "barrage" ao finalizar a COPA GALICIA - CAMPIONATO GALEGO.

5.- Poderán participar calquera can que estea inscrito nun libro xenealóxico legalmente recoñecido

6.- Naqueles campionatos en que estea en xogo un CACT ou CACIT deberán terse en conta a normativa da RSCCE ou FCI a estes efectos.

7. Recibirán Placa de campión, o campión galego de Razas Británicas e o campión galego de Continentais trala celebración da COPA GALICIA - CAMPIONATO GALEGO,, unha vez sumada a maior puntuación obtida na competición libre da COPA GALICIA - CAMPIONATO GALEGO, e as obtidas na competición oficial (provinciais e Copa Galicia – Campionato Galego).

8. Os campións da Copa Galicia – Campionato Galego de cans de parada (de británicos e continentais) serán exclusivamente campións desta proba, mesmo podendo esta quedar deserta de non haber puntuacións, en tanto que os campións galegos de Cans de parada resultará da suma de resultados tal como se especifica no punto anterior.

9. Ningún can poderá optar a clasificación se non participa na COPA GALICIA - CAMPIONATO GALEGO,, salvo causa xustificada

10.- Os cans serán servidos por un tirador designado pola organización para, sempre que sexa posible, abaterlle unha peza sobre a que o can fai o punto comprobando así a ausencia de medo ao disparo , así coma a efectividade do cobro; de non ser así realizarase o cobro en frío.

CAZA PRÁCTICA SOBRE ARCEA

As probas de caza practica sobre arcea rexeranse conforme o Regulamento Autonómico de Cans de Parada, se ben para esta modalidade aplicaranse as seguintes normas adicionais:

- 1.- Non se esixirá a inmovilidade do can á saída da arcea nin á detonación; polo tanto, non será eliminatorio que un can non respecte o voo á saída da peza.
- 2.- O can deberá ir localizable en todo momento, ben sexa con campaiña ou con colar beeper en posición de busca e parada. Se as características do terreo así o esixen, permitirase o uso de colares de localización GPS.
- 3.- Ademais da clasificación xeral, en cada proba darase un premio especial o mellor can con idade menor a dous anos; este can tamén poderá entrar na clasificación xeral, no seu caso.
- 4.- En caso de que haxa cans clasificados, o resto da clasificación ata un mínimo de 3 cans darase por orde de méritos en función da prestación obtida polo can e a súa consonancia co estilo da raza. No caso de que ningún can acade un punto válido, farase tamén unha orde de méritos

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE CAZA MENOR

- 1.- Tanto o Campionato Provincial como o Autonómico disputarase mediante proba de campo, con caza silvestre. No caso de que algunha Federación Provincial tivera a necesidade de celebrar campionatos comarcais ou semifinais, estes poderanse realizar en Campos de Prácticas Cinexéticas sobre caza procedente de granxa autorizada. Considerarase tamén caza salvaxe ou caza silvestre, dun xeito extraordinario, aquela caza sementada a lo menos cun mes de antelación á celebración da proba".
- 2.- A duración da competición non deberá exceder de cinco horas.
- 3.- Durante a competición cada concursante poderá utilizar un máximo de 15 cartuchos.
- 4.- Só se poden cazar as especies contempladas como tales na Orde Anual de Vedas; porén, a organización da proba pode establecer a prohibición de abater algunha destas e/ou limita-lo número de capturas, por razón de escaseza ou polo cumprimento do Plano de Aproveitamento Cinexético.
- 5.- O número de pezas e especies que pode abater cada concursante deberá especificalo o Director da Proba ao comezo da competición.
- 6.- As puntuacións das diferentes especies realizaranse conforme ao baremo que establece o Regulamento da Federación Galega de Caza.
- 7.- Os deportistas que cobren ou non pezas ao longo da competición, non poderán entrar no control ata que non se supere o ecuador da proba, ou tivera completado o cupo de caza establecido pola organización.
- 8.- Os participantes que non cobraron pezas, non puntuarán, salvo que non houbera suficientes clasificados; neste caso clasificaríanse por sorteo. Non podendo participar neste sorteo aqueles deportistas que entren despois do horario estipulado para a finalización da proba.
- 9.- Poderá participar calquera can que estea inscrito nun libro xenealóxico legalmente recoñecido.
- 10.- Cando varios participantes obteñan a mesma puntuación clasificarase en primeiro lugar o cazador que se presente antes no control.
- 11.- O director da proba poderá autorizar o uso do vehículo para un único desprazamento de ida e volta, dende o lugar de saída ata ao cazadero e retorno ao control, nunca para desprazarse pola zona de caza.

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE ARCEAS

- 1.- A duración da competición non excederá de cinco horas.
- 2.- Durante a competición cada concursante poderá utilizar un máximo de 10 cartuchos. En todo caso a escopeta non poderá conter máis de dous cartuchos en total.

- 3.- Só se pode cazar a ARCEA. O número de pezas a abatir será determinado pola organización de acordo con con lo establecido na Orden de Vedas.
- 4.- A puntuación da especie realizarase conforme ao baremo que establece o Regulamento da Federación Galega de Caza.
- 5.- Os deportistas que cobren ou non pezas ao longo da competición non poderán entrar no control ata que non se supere o ecuador da proba ou tivera completado o cupo de caza establecido pola organización. Permitirase a clasificación de cazadores que cheguen ata 15 minutos despois da hora marcada pola organización, penalizándose esta demora con arranxo ao seguinte criterio: 25 puntos por cada minuto de retraso con que se presente ao control.
- 6.- Cada vez que o participante cobre unha peza deberá entregala inmediatamente ao xuíz de campo, para proceder a súa marcaxe co precinto entregado pola organización. Logo portará a peza o participante ata o control, que deberá de presentar ao Xurado de competición na presenza do seu xuíz.
- 7.- O Xuíz de Campo anotará na ficha de control cada disparo efectuado, así como a hora exacta en que foi abatida, indicando as pezas abatidas e cobradas por cada tiro ou se fallou o disparo.
- 8.- Os participantes que non cobraron pezas, non puntuarán, salvo que non houbera suficientes clasificados; neste caso clasificaríanse por sorteo. Non podendo participar neste sorteo aqueles deportistas que entren despois do horario estipulado para a finalización da proba.
- 9.- Poderá participar calquera can que estea inscrito nun libro xenealóxico legalmente recoñecido.
- 10.- Non entrará no cupo de pezas a abatir as capturadas polo can sen previo disparo do concursante. As arceas capturadas polo can sen disparo, deberán ser entregadas ao xuíz e el será o encargado de levalas, non o cazador. Non sumarán ningún punto.
- 11.- Cando varios participantes obteñan a mesma puntuación clasificarase en primeiro lugar o cazador que menos disparo realizara, e, de persistir o empate, o que primeiro entrara no control.
- 12.- Os cazadores clasificados para o Campionato de España deberán dispoñer de Seguro Voluntario de Danos a Terceiros con a cobertura mínima que cada ano determinen as normas da Real Federación Española de Caza.

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE CANS DE RASTRO DE COELLO

- 1.-Estarase ao contemplado no Regulamento oficial para as probas de Cans de Rastro.
- 2.- Nos campionatos oficiais entregaranse dous títulos: un, para o lote de cans campións, e outro, para o can campión. A FGC emitirá os certificados para ditos títulos.
- 3.- Poderán participar calquera can que estea inscrito nun libro xenealóxico legalmente recoñecido.
- 4.- Os condutores dos lotes participantes, levaran os cans atrelados ate o xuíz, para a comprobación da identidade dos mesmos. A solta produciase no momento que decida o xuíz. Unha vez finalizado o tempo do lote o condutor recollerá os cans e sacaraos atrelados do campo.
- 5.- Ningún can poderá participar en mais dun campionato provincial.
- 6.- Nos campionatos, no caso de haber limitación de prazas, primeiro inscribírase un lote de cada propietario; a continuación un segundo lote, e así sucesivamente ata completar as prazas. O participante conforme ao artigo 24 do Regulamento, que non estea á hora establecida na súa quenda de participación poderá ser descualificado a criterio da organización ou Director da Proba.
- 7.- Cada lote deberá inscribirse cun condutor que durante a proba deberá actuar como tal.
- 8.- Modalidade "CARA DE CAN": Os participantes competirán cun can por espazo dunha hora, con un ou dous participantes no mesmo campo, según o sorteo realizado. Do campo pasará a rolda o can que máis puntuación acade, na que volverá a competir nas mesmas condicións ata chegar á final, según a tarxeta de puntuación.
- 9.- Con carácter xeral designaranse 4 lotes por xuíz, podendo aumentarse a 5 si circunstancias excepcionais así o aconsellan.

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE RAPOSO

A competición de Raposo con cans de rastro ten por obxecto fomentar a camaradería e a sociabilidade deportiva entre aqueles cazadores desta especie unidos por esta afección. Cando nos nosos montes escasea a perdiz, o coello e a lebre, vemos con xúbilo que o raposo aumenta cada ano a súa poboación.

A competición do Raposo rexerá polo Regulamento de Caza Menor, prevalecendo as normas seguintes:

- 1.- Neste campionato o raposo é a única peza cazable. Será descualificado o equipo que abata outra peza distinta.
- 2.- A participación será por equipos. Cada equipo estará composto por nove cazadores e un xuíz.
- 3.- A competición efectiva durará un máximo de 6 horas. Habilitarase o tempo necesario en cada competición para a saída e chegada dende os campos ao control. A hora de peche será fixada pola organización da proba. O director da proba poderá prolongar a hora de peche do control se circunstancias excepcionais así o requiren, sempre que estas afecten a varios participantes, por exemplo nos casos de sabotaxe, aglomeracións de participantes no control, etc. Non se poderá entrar no control antes de transcorrido o 50% do tempo da competición.
- 4.- A puntuación será de 500 puntos/raposo. En caso de empate entre equipos resolverase, en primeira instancia polo maior número exemplares de machos abatidos, e de persisti-lo empate resolverase por sorteo.
- 5.- Só se permite usa-lo coche para desprazarse do lugar de concentración ao lugar da proba e ao retorno, así como para a recollida de cans.
- 6.- O director da proba poderá autoriza-lo uso de vehículo se circunstancias especiais así o aconsellan.
- 7.- A organización terá que establecer tantas zonas como equipos inscritos de maneira que se permita cazar con amplitude.
- 8.- Queda limitado o número de cans por cuadrilla a un mínimo de dous e un máximo de dez. Non se permitirá a participación de cans con mostras ostensibles de enfermidade, ou de non estar desparasitados, nin de cadelas en período de celo.
- 9.- Permitiranse o uso de colares localizadores de cans.
- 10.- O uso das emisoras farase con aquelas autorizadas para o exercicio da caza.
- 11.- Os raposos abatidos serán identificados a través dun distintivo no que conste o nome do cazador que o abateu, a hora da captura e o sexo, debendo ser verificada esta anotación polo xuíz.
- 12.- Non serán admitidos os raposos que debido a lesións excesivas non se lles poida facer a oportuna inspección veterinaria.
- 13.- Durante a competición as armas e cartuchos a utilizar polo cazador deberán cumprir cos requisitos esixidos pola lexislación vixente para esta competición (3 cartuchos de munición na escopeta).
- 14.- O raposos abatidos serán presentados no control dentro do tempo establecido, e dunha soa vez polo xuíz e o xefe de cuadrilla. Os raposos presentados fóra da hora establecida como peche do control non puntuarán.
- 15.- Se o comité técnico ditamina que unha peza non foi abatida legalmente no tempo da cacería e así o ratifica o xurado de competición o equipo quedará descualificado na proba.
- 16.- No referente a visita ao campo, esta quedará supeditada ao criterio da organización.

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE CETRERÍA

- 1.- As competicións serán de inscrición libre.
- 2.- Puntuacións:

Campión	20 puntos
Subcampión	15 puntos
3º	11 Puntos
4º	8 puntos
5º	6 puntos

6º	5 puntos
7º	4 puntos
8º	3 puntos
9º	2 puntos
10º	1 punto

No caso de empate decidírase pola mellor ou mellores clasificacións acadadas nas distintas probas. No caso de persistir dito empate, resolverase pola suma das segundas mellores puntuacións. De non ter unha segunda puntuación contarase coma cero puntos.

3.- Para representar a Galicia no Campionato de España o cetreiro debe ser galego. A estes efectos, enténdese como galego aquel que acode representando a unha sociedade de caza ou de cetrería inscrita no rexistro da FGC.

4.- Só terán dereito a clasificación nos Campionatos Provinciais os cetreiros con domicilio na provincia correspondente.

5.- No tocante o can empregado como auxiliar neste tipo de competicións, poderá participar calquera can que estea inscrito nun libro xenealóxico legalmente recoñecido.

6.- Recibirán Placa de campión, o campión galego de Baixo Voo nas categorías harris, azor, falcón, o campión galego de Sky Trial e o campión galego de Pequenas Aves.

BAIXO VOO

1.-Este campionato desenvolverase mediante proba de campo, desenvolvéndose nun campo de voo natural pero con presas susceptibles de ser cazadas de escape, soltadas con caixa de lanzar. A proba consta de fase clasificatoria e de fase final. Na fase clasificatoria participarán os cetreiros que cumpran os requisitos establecidos pola Federación. En caso de fixar unha cota total de competidores para axilizar o evento, darase preferencia a aqueles que quedasen primeiros nos campionatos provinciais se é que se realizaron, podendo inscribir cada cetreiro como máximo de dúas aves.

Tódolos escapes deberan ir anelados dalgún xeito que os identifique e que non lles afecte á hora de voar (argolas ou bridas numeradas).

2.- Na final, participarán o número proporcional que estime a dirección de campo máis o campión da edición anterior por cada tipo de ave (harris, azor, sky trial e falcón). O resultado final obterase da media das puntuacións da proba clasificatoria e da final.

3.- O terreo será acorde a este tipo de lances de baixo voo, coidando que sexa o suficientemente visible para que os xuíces observen sen dificultade os lances dende o seu inicio ata o final. Non hai que esquecer á hora de elixir o campo que os xuíces teñen que medir cun telémetro, a distancia do lance (distancia percorrida dende o punto de solta ata o lugar onde a ave captura ou o lugar onde entra a intentar capturar). Se non se pode medir dunha soa vez, terán que coller varios puntos de referencia para medir.

4.- Participarán aves de cetraría de baixo voo.

5.- A proba será xulgada por polo menos dous xuíces coa titulación requirida, que serán asistidos por axudantes (que deberan posuír a titulación de xuíz. A puntuación do participante sacarase da media das puntuacións dos xuíces, que cubriran unha ficha cada un por separado.

6.- A quenda tanto na proba clasificatoria como na final será por sorteo.

7.- Cando por circunstancias imprevisibles e alleas ao participante a súa quenda se vexa alterado de maneira que inflúa negativamente sobre a súa posible cualificación, poderá declarar a nulidade da quenda, tendo dereito a unha quenda seguida inmediatamente ao seguinte participante. De xeito xeral o director de campo aceptará a solicitude dun voo nulo sobre todo nas seguintes circunstancias:

- Que o escape saia moi frouxo e se tire ao chan sen voar, sempre que exista intención por parte da ave de capturar.
- Que durante o lance acontezan circunstancias alleas á organización, por exemplo:

- Un escape anterior que se queda no campo e se cruce.
- O público que colla o escape ou interveña dalgunha forma no lance.
- Un can que entra no campo de voo.
- En fin, causas anómalas que alteren claramente o desenvolvemento da proba.

A declaración de quenda nulo será competencia do Director de Campo, solicitando información dos xuíces se así o desexa.

8.- A actuación de cada participante puntuarase atendendo ás seguintes fases:

1. Actitude de caza.
2. Voo sobre a presa.
3. Captura.
4. Voo da presa.
5. Apreciacións subxectivas e globais do lance.

9.- O máximo de puntos é de 75, as fases que máis puntuación teñen son: a 2ª "voo sobre a presa" e a 3ª "captura", que teñen 25 puntos cada unha, ou sexa, un total de 50 puntos. Hai unha novidade a puntuar que creo que todos estabamos a esperar e é, a 4ª "voo da presa", onde se poderán obter ata 15 puntos, dependendo da distancia á que voe a presa, a traxectoria que realice sexa rabo a vento, pico a vento, sen aire, etc. Para calcular a distancia á que se produciu a captura, os xuíces medirán con telémetro a distancia entre o punto de solta e a captura. Ás fases 1ª "actitude de caza" e 5ª "apreciacións subxectivas e globais do lance" que son causantes da orixe de moitas queixas aos xuíces, teñen cada unha 5 puntos, anotándose aspectos como: o estado da ave, a colocación do cetreiro, as debatidas, a actitude da ave e do cetreiro, forma de sacar a presa, etc. cinguíndose escrupulosamente aos apartados que veñen reflectidos para encadrar as puntuacións.

10.- Fases de puntuación:

1ª.- Actitude de caza. Este apartado ten 5 puntos, nel valorarase; a atención ao campo, o interese que demostre mentres está sobre o puño do participante sobre o terreo, as debatidas do paxaro comezaran a terse en conta desde o momento no que os xuíces autoricen ao cetreiro a comezar o lance, todas aquelas debatidas anteriores non se terán en conta á hora de avaliar a actitude de caza do paxaro.

- Desatento: Se o paxaro se debate moitas veces e demostra que non está a mirar ao campo con interese, non obterá ningún punto. (0)
- Empeza desatento e remata atento: Nesta apartado inclúiranse os paxaros que comezan nerviosos e despois se van tranquilizando a medida que se achegan ao lugar de solta. (1-2)
- Correcto: Se se ve que o paxaro vai tranquilo, débátese pouco durante o tempo no que está ao lado dos xuíces ou inmediatamente despois de estar con eles. (3-4)
- Moi atento: Se o paxaro non se debate, vésele moi atento, observándoo todo e xirando a cabeza para mirar a todos os lados esperando o escape. (5)

2ª.- Voo sobre a presa. Este apartado ten 25 puntos máximo e en caso de empate, é o máis importante. Atenderase dende que a ave sae do puño ata o instante anterior a tocar a peza ou rematar o voo de ataque pousándose ou abandonando a persecución. O xuíz fixarase na forza, a intensidade das batidas de á, a motivación e a fe en perseguir a peza. Algo ao que o xuíz de de poñer moita atención son aos pairas da ave, só permitíranse os pairas do paxaro para corrixir a traxectoria do voo da presa, é dicir, que a ave deixe de bater por que a presa está a cambiar de dirección ou de altura. Tamén se terá especial coidado entre o bater de ás dun macho e o dunha femia (ollo non é o mesmo, a cadencia de aleteo dun macho que o dunha femia).

- Sae e abandona: Evidentemente se a ave sae e non quere a presa. (0)
- Sae batendo frouxo e segue o lance frouxo: Este apartado é para aves que se ve claramente que están pouco musculadas, baixas de peso ou non teñen fe en atacar a presa. (1-3)
- Sae batendo normal e pasa a afrouxar: Neste apartado inclúiranse as aves que sae pola peza pero que segundo se lle afasta se ve que non teñen fe por esa peza. (4-7)

- Sae batendo normal e mantén un bater normal: Neste apartado inclúiranse as aves que chegan á presa pero non demostran unha boa musculación nin motivación. A ave voará cunha cadencia de aleteo nin frouxa nin forte e longos pairos, non demostrará un ataque con grande interese ou simplemente ten dúbidas de seguir o lance, o normal é que a ave non está moi forte ou non está moi motivada en perseguir esa presa en voo. (8-11)
- Sae batendo forte e pasa a normal: Este apartado é para aves que saen fortes pola presa pero que rematan alternando unha cadencia de aleteo inferior con pairos e notándose claramente que non teñen fe en perseguir a presa en voo. (12-15)
- Sae batendo forte e mantén un bater forte: Neste apartado inclúiranse as aves que manteñen unha cadencia de aleteo forte e que alterna con curtos pairos nos que perden pouca velocidade, recortando distancia continua coa presa, demostrando que ten fe nesa presa. (16-19)
- Sae batendo moi forte e pasa a bater forte: Neste apartado incluiremos as aves que saen moi fortes e que mediado o lance fan algún pairo aínda que mantendo a velocidade e a fe cega na presa, reducíndoo distancia durante todo o lance. (20-23)
- Sae batendo moi forte e segue moi forte: Neste apartado inclúiranse os paxaros que saian batendo moi forte e que manteñan esa cadencia de aleteo ata o final, facendo un último esforzo para chegar á presa en voo. Só permitíranse os pairos para corrixir a posición respecto á presa. (24-25)

3ª.- Captura. Este apartado ten tamén 25 puntos pero darase máis importancia ao voo sobre a presa que á captura, en caso de igualdade na puntuación. Será necesaria a axuda de xuíces de campo para avaliar este apartado.

- Rexeita: Nesta apartado inclúiranse as aves que saen do puño e non queren a presa pola circunstancia que sexa. (0)
- Entra sen captura e recaza sen captura: Neste apartado inclúiranse os paxaros que chegan á ferida ou chan, inténtana capturar pero ao final non logran capturala. (1-2)
- Entra capturando no chan ou ferida e escápalle: Neste apartado inclúiranse os lances nos que o paxaro captura a presa no chan ou dentro dunha ferida e se lle acaba escapando das poutas pola circunstancia que sexa. (3-5)
- Captura no aire sen reter e recaza sen reter: Neste apartado incluiremos os paxaros que cheguen a tocar a presa no aire pero rematan o lance sen capturala. (6-8)
- Entra sen captura e recaza con captura no chan: Neste apartado incluiremos os paxaros que atacan e fallan inicialmente pero que tras recazar conseguen capturar. (9-12)
- Captura no chan con decisión e retén: Neste apartado inclúiranse os lances nos que o paxaro chega á presa e a captura no chan ou na ferida reténdoa con decisión. (13-16)
- Captura no aire, recaza e captura: Neste apartado inclúiranse os lances nos que o paxaro captura a presa no aire e ao caer se lle escapa, recaza e captura a presa. (17-20)
- Captura no aire (altura): Neste apartado inclúiranse os lances nos que a captura se produza no aire, obtendo máis puntuación segundo a altura á que se produza a captura. (21-25)

4ª.- Voo da presa. Distancia e mais traxectoria. Aquí está a novidade na ficha de puntuacións, xa sabemos que os xuíces na súa maioría teñen en conta este apartado pero ata agora non había ningún baremo de puntuacións salientado nas fichas. Este apartado é moi importante e os xuíces deberán fixarse minuciosamente no voo que realiza a presa e por conseguinte no voo que realiza o paxaro ao perseguila. Sobre todo fíxasense na dirección do vento, na altura e potencia de voo da presa e medirán a ollo a distancia que percorreu o paxaro para chegar a capturar ou encerrar a presa. Para iso medirán, os xuíces, o percorrido total efectuado pola presa, xa fose voando ou peonando.

Distancia:

- Voo frouxo e curto: Neste apartado inclúiranse as presas que realicen un voo duns 50 metros ou menos e que se lles note que voan dalgún xeito frouxo ou anormal. (0-2)

- Voo curto- medio: Neste apartado incluíranse as presas que realicen un voo de entre 50 e 100 metros. (3-4)
- Voo medio: Neste apartado incluíranse distancias de 100 e 150 metros. (5)
- Voo curto potente: Aquí incluiremos as presas que saian moi fortes e potentes, pero que ao producirse unha captura no aire non puideron voar máis distancia. (6)
- Voo longo: Neste apartado incluíranse os lances das presas que realicen un voo de entre 150 e 200 metros. (7)
- Voo longo: Neste apartado incluíranse distancias de entre 200-250 metros. (8)
- Voo moi longo: voos de entre 250 e 300 metros. (9)
- Voo moi longo: para distancias de + de 300 metros (10)

Traxectoria:

- Voos rabo a vento ou sen aire: Nestes voos engádense. (1-2)
- Voo empeza pico a vento e remata rabo a vento: Neste apartado incluíranse os lances que se produzan primeiro pico a vento e rematen rabo a vento. O xuíz fixarase no tempo en que a presa voou pico a vento, pois o esforzo que ten que facer o paxaro pico a vento é moi grande. Se a presa rompeu a iniciativa na saída da ave, iniciando o seu voo pico a vento, pero ao momento colocou rabo a vento, puntuábase con 3 puntos, pero se o lance foi pico a vento e continuou unha distancia nesta dirección para despois xirar rabo a vento, entón anotábase 4 puntos. (3-4)
- Voo pico a vento: Neste apartado anotábase os lances que se produzan na súa gran xeneralidade pico a vento e que finalicen pico a vento. (5)

5ª.- Apreciacións subxectivas e globais do lance.

- Ave: Aquí puntuábase os aspectos relacionados co manexo do paxaro. Estado físico, plumaxe, jalde, estado psicológico, ben improntado, mal improntado, mansedume, vai encrespado na luva, agresións ao cetreiro. (0-2)
- Cetreiro: Aquí anotábase aspectos como a forma de colocarse no campo, de preparar o lance, de sacar con rapidez a ave da presa, enganándoa coa cortesía sen debatidas, comportamento en xeral do cetreiro. (0-3)

Esquema de baremo de puntuación. (Máximo, ver folia de puntuación).

FASES

Actitude de caza	5 puntos
Voo sobre a presa	25 puntos
Captura	25 puntos
Traxectoria + distancia	10+5=15 puntos
Apreciación subxectiva e global	2+3= 5 puntos

SKY TRIAL

Nesta modalidade a realización do lance antes dos dez minutos regulamentarios, pero despois dos cinco primeiros, terá unha bonificación dun punto por minuto.

En caso de empates procederase de igual xeito que en Baixo Voo.

TABLA DE PUNTUACION		
ASCENSION	Ascensión rabo a vento da vertical do cetreiro..... ata 3 puntos	3

		Ascensión rabo a vento, vindo sen dúbidas,nin xiros á vertical do ceteiro	6
		Ascensión sobre a vertical do ceteiro	9
		Ascensión pico a vento da situación do ceteiro	12
POTENCIA	10 m./minuto 1 punto, 20/2, 30/3, 40/4, 50/6, 60/8, 70/10, 80/13, 90/16, 100/19		
	Potencia calculada desde a saída do puño ata o momento do servizo		
	Calculo sobre 300 m. de altura en cinco minutos		8
ALTURA	Cada dez metros de altura conseguida outorgarase un punto		
	Prima acumulable.1/150, 2/200, 3/250, 4/300, 5/350, 6/400		
	Calculo sobre unha altura de 301 m.		40
POSICION	Servizo pico a vento da vertical do punto de solta (a peor para o falcón)		4
	Servizo rabo a vento de lle vertical do punto de solta (A ideal para o falcón)		8
	Posición que máis se valorará será a do servizo na vertical dos xuíces		12
	Se tivemos coitelada ou captura, entendemos que o picado foi o ideal		
	Se un pombo pousase ou circula entre mesa xuíces o falcón non debe baixar aloucadamente		
	O picado que mais gustaríanos sería o máis rápido, sen dúbidas, non sendo aloucado en caso de non haber coitelada ou captura		
		Máxima puntuación para o picado	12
CAPTURA	RINDE	Rende sobre carpa, coches, público etc	3
		Rende sobre terreo , cuneta , arbusto etc. Á vista dos xuíces,	4
		Rende + Acoitela, estes dous semi apartados son acumulables	
	ACU	Toque, con que se note contacto é suficiente	3
		Acoitelada limpa	6
	CAP	Captura con persecución longa aínda que este fóra de tempo	12
		Captura entre público, coches, carpa etc.	14
		Captura chan, arbusto ou persecución curta a vista de xuíces	15
		Captura con coitelada ou limpa, ou ben trabada	18
RECOLLIDA	Recollida dubidosa ou ben desprazando o reclamo a distancia , ata.....menos		-5
	Recollida sen dúbidas, nin desprazamento de reclamo atamáis		2
BONIFICA	Por cada minuto non usado dos 4 últimos do lance, bonificarase con tres puntos		
PENALIZA	Ave fóra da zona habilitada		-10
	Pousado en calquera momento do lance		-4
	Reclamo encarnado con máis dun terzo de pomba		-5
	Amosar reclamo		-6
	Solta da pomba da caixa polos xuíces		-12
	Amosar pomba		-10
	Aquel falcón que se fose detrás da pomba terá 3 minutos máis de cortesía		
	sen ser penalizado, a condición de que se recolla no campo de voo		
DURACION DO LANCE 10 MINUTOS +2 de cortesía sen penalizacións			
SOLTA : Se o participante non manda a solta da pomba antes do minuto 9 farano os xuíces			
TEMPO DO LANCE Desde que se desencaperuza ata finalizar a recollida			
TEMPO DE POTENCIA Desde a saída do puño ata o momento do servizo			

Na altura seguirase o seguinte baremo sempre que se poidan utilizar elementos de telemetría; de non ser posible a utilización destes seguirase o Regulamento da modalidade.

ALTURA BAIXA	
De 0 a 50 metros	0 puntos
De 51 a 75 metros	1 punto
De 75 a 100 metros	2 puntos
ALTURA MEDIA	
De 101 a 125 metros	3 puntos
De 126 a 150 metros	4 puntos
De 151 a 175 metros	5 puntos
De 176 a 200 metros	6 puntos
GRAN ALTURA	
De 201 a 225 metros	7 puntos
De 226 a 250 metros	8 puntos
De 251 a 275 metros	9 puntos
De 300 en diante	10 puntos
* Con máis de 300 m., compensarase no global lance	

ALTANERÍA CON CAN

Esta modalidade desenvolverase conforme ao establecido no vixente Regulamento da Federación Galega de Caza.

CAMPIONATO GALEGO MODALIDADE PEQUENAS AVES

O Campionato Galego de pequenas aves rexerase polos regulamentos de Sky Trial ou polo Baixo Voo segundo a inscrición.

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE PAXARILES

Normas que regularán os campionatos de Paxariles da Federación Galega de Caza

O Silvestrismo é unha modalidade deportiva que ten por finalidade a educación o canto dos paxaros silvestres (Xílgaros, Liñaceiros, Verderolos e Xiríns e os seus respectivos mixtos), que ten como funcións básicas as seguintes:

- Captura de exemplares e preselección.
- Educación ao canto.
- Selección dos exemplares mais adecuados e devolución ao medio natural de aqueles exemplares que non reúnan unhas calidades canoras mínimas.
- Cría en cativeiro.
- Participación nos campionatos de canto de paxaros silvestres.

Desenvolvemento das probas:

1.- Poderán participar nos campionatos as plumas de Xílgaro, Liñaceiro, Verderolos, Xílgaro Campero e os híbridos das variedades mencionadas.

2.- O número de exemplares a participar nas plumas de Xílgaro, Liñaceiro, Verderolo e Xílgaro Campero será de 72, é dicir (18 quendas como máximo en quendas de 4 exemplares). La participación en el Campeonato Galego será proporcional a los federados de cada provincia quedando de la seguinte forma:

	Xílgaro	Liñaceiro	Verderolo	Xílgaro Campero
CORUÑA	25	25	25	25
LUGO	20	20	20	20
OURENSE	7	7	7	7
PONTEVEDRA	20	20	20	20
TOTAL	72	72	72	72

No caso de que unha provincia non cubra o cupo asignado en unha proba autonómica, a Federación Galega de Caza cubrirá estes postos mediante a repesca realizada de forma proporcional en aquelas provincias que teñan unha participación mais numerosa.

O número de exemplares a participar nas plumas de Mixto de Xílgaro, Mixto de Liñaceiro e Mixto de Verderolo será de 54, é dicir (18 quendas como máximo en quendas de 3 exemplares). La participación en el Campeonato Galego será proporcional a los federados de cada provincia quedando de la seguinte forma:

	Mixto. Xílgaro	Mixto. Liñaceiro	Mixto. Verderolo
CORUÑA	19	19	19
LUGO	15	15	15
OURENSE	5	5	5
<u>PONTEVEDRA</u>	<u>15</u>	<u>15</u>	<u>15</u>
TOTAL	54	54	54

No caso de que unha provincia non cubra o cupo asignado en unha proba autonómica, a Federación Galega de Caza cubrirá estes postos mediante a repesca realizada de forma proporcional en aquelas provincias que teñan unha participación mais numerosa.

3.- A orde de actuación dos paxaros participantes farase por sorteo, procurando evitar que nunha mesma quenda participe máis dun exemplar do mesmo dono.

4.- As quendas estarán compostas dun máximo de catro exemplares e dun mínimo de dous.

5.- Se efectuada a división das quendas resultara que a última quedara composta por un solo paxaro; procederase de xeito que da quenda inmediatamente anterior se retirara o paxaro de maior número de orde e trasladarase a esta última.

6.- As perchas de colgar as gaiolas terán unha altura máxima de 1,20 metros e mínima de 1 metro. Os paxaros que compitan nunha mesma quenda estarán separados entre si por unha distancia mínima de 5 metros.

7.- Será obrigatorio que tódalas gaiolas leven tapado un lateral cunha tablilla ou celadeira que impida que os paxaros se vexan.

8.- A cada paxaro participante seralle asignado un número que obrigatoriamente portara pegado na gaiola de xeito visible durante o transcurso da competición.

9.- O tempo de colgada ou actuación de cada unha das quendas será dun máximo de 12 minutos e un mínimo de 8 minutos dependendo do numero de participantes na proba, a criterio dos xuíces da competición e de acordo coa organización.

10.- A Organización do campionato debera ter un taboleiro para cada variedade; neles anotarase a orde de actuación dos paxaros inscritos, a fin de que os participantes e afeccionados poidan seguir o desenrolo da proba.

- 11.- A organización deberá dispoñer dun equipo suficiente de colaboradores que serán os encargados de recoller, colgar, descolgar e devolver aos seus donos os paxaros participantes. Asemade, controlarán os números dos precintos dos paxaros participantes.
- 12.- Dentro do recinto de xuízo solo poderá permanecer o persoal colaborador e os xuíces actuantes.
- 13.- Os Xuíces de Mesa puntuarán en base ao código de canto da Federación Galega de Caza, cumprimentando debidamente as planillas de xuízo.
- 14.- Os Xuíces de Mesa non poderán ser ao mesmo tempo participantes dos Campionatos de Silvestrismo da variedade e categoría que estean a xulgar pero si poderán ser participantes noutras variedades e categorías que se celebren no mesmo Campionato.
- 15.- A decisión ou resultado que formulen os Xuíces de Mesa será inapelable.
- 16.- Queda prohibido aos participantes e ao público en xeral dirixirse os Xuíces actuantes mentres estean a desenrolar as súas funcións.

Desempates:

No caso de que dous ou máis paxaros da mesma variedade e categoría queden empatados a puntos nun Campionato desempatarase atendendo en primeiro lugar ás penalizacións, de xeito que quede primeiro o paxaro menos penalizado; no segundo lugar atenderase á Impresión, quedando diante o paxaro que acumule máis puntos no apartado da Impresión; de persistir o empate resolverase a chou.

Formación da selección galega:

- 1.- A clasificación para o Campionato España de Paxariles poderán constar de varias fases (enténdase campionatos provinciais, galego, sociais, etc.).
- 2.- Clasifícanse para a final do Campionato de España os paxaros que consigan maior no campionato Autonómico, clasificándose de maior a menor ata cubrir o número de prazas por pluma asignado pola Federación Galega de Caza.
- 3.- En caso de empate a puntos, clasifícase en primeiro lugar o paxaro que menos puntos negativos teña, en caso de persistir o empate, clasifícase en primeiro lugar o paxaro que obtivese unha maior puntuación no apartado de Impresión e de persistir o empate resolverase a chou .
- 4.- A final do Campionato Galego será o último Campionato puntuable da selección galega que disputará o Campionato de España. Para poder clasificarse para o Campionato de España será obrigatorio participar na final do Campionato Galego.
- 5.- Quedará Campión Galego o paxaro vencedor en cada variedade e categoría na proba de campo da final do Campionato Galego.
- 6.- A cada paxaro participante seralle asignado un número de precinto que será a súa única identificación válida; dito precinto colocárase na primeira proba clasificatoria na que participe, e deberá permanecer ao longo das distintas fases nas que compita. Correspóndelle á organización da proba a colocación do devandito precinto, de xeito que impida a apertura da porta da gaiola. Calquera manipulación do precinto dará lugar a descalificación do participante.
- 7.- Ao Campionato Galego acudirán os paxaros que opten a clasificarse para o Campionato de España. Todo paxaro que acuda ao Campionato Galego sen precinto (procedente do campionato provincial) non terá opción de clasificarse para o Campionato de España. Iso quere dicir que se pode dala circunstancia de que un paxaro sexa Campión Galego e con todo non se poida clasificar para a final do Campionato de España.
- 8.- Poderán participar nos Campionatos as variedades de Xílgaro, Liñaceiro e Xílgaro Campero e os híbridos das variedades mencionadas .
- 9.- Se nunha determinada variedade a inscrición fose inferior a 4 paxaros pertencentes a un mínimo de 2 participantes o Xurado da competición citará á final de Campionato Galego aos exemplares inscritos; unha vez escoitados os paxaros presentados os xuíces deliberarán sobre a calidade de ditos exemplares e poderán:

- a) Declarar deserta a clasificación nesa variedade.
- b) Clasificar directamente ao exemplar ou exemplares que tivesen unha calidade mínima para participar na fase final de Campionato de España.

10.- Trala finalización do Campionato Galego e no prazo máximo de 3 días os propietarios dos paxaros con dereito a clasificarse para a Final do Campionato de España deberán nese momento aceptar a súa clasificación; no caso de non estaren presentes ou non avisar da súa aceptación considerárase que renuncian a dita clasificación cedendo o dereito ao propietario do paxaro clasificado a continuación

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE RASTRO DE XABARIL

- 1.- O Campionato Galego de Xabaril rexerase polo Regulamento da Federación Galega de Caza agás aquelas cuestións que figuren recollidas na presente Normativa de Competicións da FGC.
- 2.- Nas competicións de xabaril poderase participar con máis dun can agás no Campionato Galego no que cada participante deberá inscribirse unicamente cun can. Aqueles participantes que competiran con máis dun can nas probas previas –campionato provincial, Copa Galicia- deberán inscribirse no Campionato Galego co can co cal obtiveran maior puntuación. Se por causa de forza maior houbera que proceder ao cambio do can o participante deberá solicitalo por escrito.
- 3.- A quenda de competición para o primeiro can será por sorteo; os segundos ou terceiros quendas, se os houbera, serán a criterio do Director da Proba.
- 4.- Establécese a categoría Júnior en tódalas probas oficiais para os monteiros participantes de idades ata os 21 anos. A categoría Júnior participará no mesmo campo que os outros participantes.
- 5.- Pasarán a fase final da proba o mesmo número de cans de cada campo sempre que teñan puntuación. O número de monteiros, nesta fase, será o 30% do total de participantes. Cando o 30% non sexa un número exacto redondearase por exceso.

Para formar a Selección Galega elixíranse aqueles dous equipos da Copa Galicia que obtiveran a maior puntuación na suma dos seus mellores resultados en tres campionatos provinciais, mais a mellor puntuación nas restantes probas da Copa Galicia. Os restantes equipos da Selección Galega, ata completar o número de prazas asignado, serán os mellores clasificados no Campionato Galego.

Será obrigatoria a participación no Campionato Galego dos dous clasificados para a Selección Galega pola Copa Galicia, e só poderán optar aos premios e méritos desta proba.

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE CAZA CON ARCO

O campionato galego será de participación libre.

As presentes normas complementarán o actual regulamento de competicións de caza con arco para facilitar a realización das competicións.

- 1.- Nas competicións haberá un xuíz principal nomeado pola Federación Galega de Caza que será o responsable da proba e delegará noutros tiradores que actúen como xuíces auxiliares.
- 2.- A organización dispoñerá de algún persoal auxiliar para asistir aos xuíces nas tarefas de montaxe que sexan necesarias.
- 3.- A distancia mínima de tiro a unha diana será de 0 metros e a máxima de 30 metros.
- 4.- A distancia de tiro para tódalas propostas será de 0 a 30 metros, excepto en asexo. Tódolos participantes tirarán dende o mesmo lugar. Na propostas cronometradas, os xuíces pasarán o tempo aos menores de 14 anos.
- 5.- Está permitida a competición con calquera tipo de material nas frechas.
- 6.- Se existen dianas defectuosas débese evitar a súa colocación, e se fose necesario o seu uso débese declarar ante tódolos participantes de forma previa á competición e intentar restrinxir o seu uso ás propostas comúns. Nas probas comúns non se penalizará por ningún concepto, salvo nos de seguridade, realizándose á vista de todos os integrantes da patrulla e unicamente con limitación de tempo para completala.

- 7.- Nas propostas que inclúan dianas con movemento, este será uniforme en tódolos casos para garanti-la equidade entre os participantes.
- 8.- O uso de coitelas de caza nunha proba requirirá dunha especial observancia da seguridade na proposta. Permítese calquera modelo considerado de caza no retráctil. Os nenos menores de 14 anos farán esta proba con puntas normais.
- 9.- Está prohibido o uso de móbiles sen autorización durante a competición.
- 10.- As fichas cubriranse cos datos dos participantes por cada un deles, incluíndo o nome completo e letra da cuadrilla. As puntuacións cubriranse por parte do xuíz e calquera defecto ou irregularidade nas mesmas determinará a anulación da tirada completa para o participante.
- 11.- Nas dianas de caza maior, as zonas de puntuación consideraranse: 10 puntos o impacto dentro ou no círculo interno, 7 puntos no espazo determinado entre o círculo interno e o externo, ou no círculo externo mesmo, e 3 puntos o impacto en calquera outro lugar do animal.
- 12.- A puntuación das competicións que se leven a cabo en Galicia suporán que o primeiro clasificado obteña 14 puntos, o segundo 11, o terceiro 9, o cuarto 7, quinto 6, sexto 5, sétimo 4, oitavo 3, noveno 2, e o décimo 1. A suma dos puntos das distintas competicións puntuables determinará os postos dos campións galegos. O Campionato Galego será unha proba obrigatoria. De entre as competicións puntuables tomaranse os 3 mellores resultados de cada participante.
- 13.- En caso de empate decidirse pola mellor ou mellores clasificacións acadadas nas distintas probas. De persisti-lo empate primará a puntuación obtida no campionato galego.

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE AGILITY

O Campionato Autonómico de Agility da FGC terá formato de liga.

1.- As probas de Agility rexerase polo regulamento de FGC. Nas probas de Agility os campos deben cumprilas medidas mínimas esixidas e ser o mais planos posibles e sen obstáculos polo medio para evitar riscos para os cans e guías..

2.- A competición constará de doce probas (12) das cales puntuarán o 85% das mellores clasificacións (redondeando a baixa). Nunha das probas realizarase o campionato provincial, este puntuará para a liga.

Para poder contabilizar puntos deberase participar nun mínimo do 35% das probas que conformen a Liga, redondeando a baixa.

No caso de ascenso de nivel PROMOCIÓN ao nivel COMPETICIÓN os porcentaxes indicados anteriormente manteranse e se aplicaran ás probas dende a data da primeira participación no nivel COMPETICIÓN.

3.- A puntuación das probas do nivel COMPETICIÓN queda da seguinte maneira, tendo en conta que puntuarase ata unha penalización máxima de 25,99 (bo) a partires da cal non se puntuará nin nas mangas ni na xeral.

Puntuacións por clasificación xeral da proba: Posto	Puntuación
1º	15
2º	12
3º	9
4º	7
5º	6
6º	5
7º	4
8º	3
9º	2
10º	1

Puntuacións por clasificación por manga:

Posto	Puntos
-------	--------

1º	5
2º	4
3º	3
4º	2
5º	1

Puntuación mellor manga: Puntuación	
Excelente a 0	5
Excelente ata 5,99	3

Puntuación por participación:	
Puntuación	
Por cada manga	1

Quedan excluídos dos puntos da clasificación xeral os/as participantes que, nas dúas mangas agility e Jumping obteñan a clasificación de eliminado ou non clasificado.

En canto ao resto de niveis aplicarase o estipulado no regulamento da Federación Galega de Caza.

4.- Non se recoñecen homologación de niveis doutras ligas ou competicións.

5.- Para pasar de nivel PROMOCIÓN a nivel COMPETICIÓN será necesario cumprir algún dos seguintes casos:

- 3 excelentes con cero puntos de penalización.

- 5 excelentes con máximo de 5,99 puntos de penalización.

Grado INICIACIÓN é obrigatorio facelo cando estean inscritos un mínimo de 8 cans e será antes ou despois da competición oficial. En caso de non ter un número mínimo poderase modificar o programa inicial anulando este nivel.

6.- Será Campión/a de Agility da Liga Autonómica da FGC o binomio que obteña mais puntos. En caso de empate, se resolverá tendo en conta o 100% das puntuacións obtidas. Si persiste o empate, declarase gañador/a o/a que obtivera mais primeiros postos. De manterse o empate se terán en conta os segundos postos e así sucesivamente.

7.- A selección Galega estará formada polo equipo campión galego de cada categoría e os equipos incluídos no 50% dos participantes con máis puntos por orde de puntuación.

Os participantes que formen parte da selección terán que confirmar a súa asistencia antes de ser inscritos na competición que corresponda.

8.- Test de carácter. Será certificado polo responsable de cada club e o xuíz da proba na que debute o can.

9.- Ningunha proba puntuara dobre.

10.- Crease a COPA FEDERACION GALEGA DE CAZA. Puntuará para a liga, desenrolarase en dúas xornadas consecutivas e terá como premio adicional a clasificación directa ao Campionato de España ao campión de cada nivel.

ANEXO I

COPA GALICIA

Normas comúns

- 1.- A Copa Galicia é unha competición de probas puntuables.
- 2.- Poderán realizarse competicións puntuables para a Copa Galicia de percorridos de caza, raposo, San Huberto, cans de rastro sobre xabril atrelado, cans de rastro sobre coello, cans de parada, cetrería ou calquera outra que a Federación determine.
- 3.- A Copa Galicia é de participación libre para calquera deportista federado que así o solicite.
- 4.- A organización da Copa Galicia correrá a cargo das sociedades de caza e clubs federados de toda Galicia.
- 5.- Os interesados na organización de competicións puntuables para a Copa Galicia deberán solicitálo á Federación Galega de Caza, a través das respectivas Federacións Provinciais, con 3 meses de antelación á data de celebración do campionato Galego salvo autorización expresa da FGC., agás Raposo, cuxas solicitudes deberán constar no ente federativo con dous meses de antelación. A solicitude deberá contempla-la data, lugar de celebración, etc. , debendo constar claramente no programa da proba a descrición "proba puntuable para a Copa Galicia"; non podendo coincidir na mesma data máis dunha proba da Copa Galicia da mesma modalidade.
- 6.- Á vista das solicitudes recibidas para as distintas probas puntuables da Copa Galicia, a FGC con 20 días de antelación remitirá a autorización correspondente á sociedade solicitante xunto cos impresos da acta, fichas e follas de inscricións, remitindo copia da citada autorización á Federación Provincial correspondente. Para que a autorización sexa efectiva o programa da competición deberá obrar na sede federativa con 15 días de antelación á celebración da proba.
- 7.- Unha vez celebrada a competición puntuable, a sociedade organizadora, ao día seguinte da celebración da proba, remitirá á FGC, debidamente cumprimentada e asinada, a acta de resultados, fichas de puntuación, e folla de inscricións dos participantes.
- 8.- Os xuíces e árbitros das distintas competicións puntuables serán designados pola FGC, previa solicitude da sociedade organizadora da proba, que será a encargada de aboarlles a dieta de arbitraje.
- 9.- As probas puntuables para a Copa Galicia desenvolveranse conforme ao Regulamento da modalidade e Normas Complementarias da FGC.
- 10.- As probas puntuables para a Copa Galicia non poderán coincidir con competicións oficiais de rango superior.
- 11.- Puntuarán os 10 mellores clasificados de cada proba, conforme ao seguinte baremo:

CLASIFICACION	PUNTUACIÓN
1º	30
2º	27
3º	24
4º	21
5º	18
6º	15
7º	12

8º	9
9º	6
10º	3

12.- As probas clasificatorias para a Copa Galicia poderán comezar o fin de semana seguinte da celebración do Campionato Galego da modalidade e rematarán o fin de semana anterior da seguinte edición.

13.- Créase a figura de Responsable da Competición para as probas da Copa Galicia, este será designado pola FGC, e terá entre as súas funcións velar polo bo desenrolo da mesma, así como emitir un informe de valoración da proba que remitirá á FGC.

14.- Os deportistas para poder clasificarse pola Copa Galicia para o Campionato Galego deberán haber participado previamente no respectivo Campionato Provincial da modalidade, salvo causa de forza maior que deberá acreditar ante a Federación Galega de Caza, a vista do cal esta resolverá.

15.- Os clasificados da Copa Galicia participarán directamente no Campionato Galego da modalidade. Cando algún clasificado da Copa Galicia xa estivese clasificado pra o Campionato Galego (coa súa Selección Provincial ou por se-lo campión da edición anterior) o seu posto será cuberto polo seguinte ou seguintes clasificados da Copa Galicia.

COPA GALICIA DE PERCORRIDOS DE CAZA

1.- Os Campionatos Provinciais da modalidade poderán ser puntuables, se así o considera e solicita a Federación Provincial.

2.- As probas puntuables para a Copa Galicia de Percorridos de Caza deberán celebrarse a un mínimo de 50 pratos.

3.- Establécese unha categoría única na que se engloban tódolos participantes.

4.- A clasificación da Copa Galicia realizarase tendo en conta as puntuacións finais acadadas nas probas puntuables, sobre o 60% dos pratos tirados, escollendo de cada tirador as mellores puntuacións, axustando a porcentaxe se non coinciden tiradas completas

5.- No caso de empate decidírase pola mellor ou mellores clasificacións acadadas nas distintas probas. No caso de persistir dito empate desempárase pola suma das segundas mellores puntuacións. De non ter unha segunda puntuación contarase coma cero puntos.

COPA GALICIA DE RAPOSO

1.- Os Campionatos Provinciais non serán puntuables para a Copa Galicia.

2.- A concesión por parte da FGC das diferentes probas puntuables realizarase de forma equitativa por provincia.

3.- Solo puntuarán os 10 primeiros clasificados que abateran como mínimo 1 raposo ao longo da proba.

4.- Resultará campión da Copa Galicia aquel concursante que acade máis puntos en 1/3 das probas celebradas. Cando 1/3 do total das probas celebradas sexa inferior a tres computaranse os resultados das tres mellores probas. Cando 1/3 non sexa número exacto redondearase por exceso (exemplo: si se celebraran 11 probas redondearíase a 4 probas).

5.- No caso de empate decidírase pola mellor ou mellores clasificacións acadadas nas distintas probas, primeiro polas tres elixidas. Se persiste o empate ganará o que mellor puntuación obtivera, empezando polo primeiro posto según o criterio establecido para clasificación e desempate: 1º o que maior número abatera e en caso de empate o que abatera máis machos Se aínda así continuara o empate, resolverase a chou.

6.- O campión acadará praza para o Campionato Galego sempre e cando o calendario da Copa Galicia conste, como mínimo, de 2 probas puntuables. No caso de que non se celebre ningunha proba puntuable salvo a Súper Copa Galega, o equipo campión da Súper Copa Galega irá ao Campionato Galego.

COPA GALICIA DE RASTRO DE XABARIL

- 1.- Os campionatos Provinciais serán puntuables para a Copa Galicia.
- 2.- Non puntuarán os cans pasivos.
- 3.- Resultará campión da Copa Galicia aquel concursante que acade máis puntos en 1/3 das probas celebradas. Cando 1/3 do total das probas celebradas sexa inferior a tres colleranse os resultados das tres mellores probas. Cando 1/3 non sexa número exacto redondearase por exceso (exemplo: si se celebraran 11 probas redondearíase a 4 probas).
- 4.- No caso de empate decidírase pola mellor ou mellores clasificacións acadadas nas distintas probas; no caso de persistir dito empate resolverase pola suma das segundas mellores puntuacións; de non ter unha segunda puntuación contarase coma cero puntos.
- 5.- Para conceder á unha proba solicitada a categoría de puntuable para a Copa Galicia, esta deberá contar previamente con un informe favorable da Federación provincial correspondinte, certificando que cumpre as condicións mínimas esixibles para o bo desenvolvemento da proba.

COPA GALICIA DE RASTRO DE COELLO

- 1.- Os Campionatos Provinciais non serán puntuables para a Copa Galicia.
- 2.- Resultará campión da Copa Galicia aquel concursante que acade máis puntos en 1/3 das probas celebradas, cun mínimo de dúas probas. Cando 1/3 non sexa número exacto redondearase por exceso (exemplo: si se celebraran 11 probas redondearíase a 4 probas).
- 3.- No caso de empate decidírase pola mellor ou mellores clasificacións acadadas nas distintas probas; no caso de persistir dito empate resolverase pola suma das segundas mellores puntuacións; de non ter unha segunda puntuación contarase coma cero puntos.
- 4.- O campión acadará praza para o Campionato Galego sempre e cando o calendario da Copa Galicia conste, como mínimo, de 2 probas puntuables.
- 5.- No caso de empate decidírase pola mellor ou mellores clasificacións acadadas nas distintas probas. Si persiste o empate resolverase pola suma das mellores segundas puntuacións. Se aínda así continuara o empate, resolverase a chou.
- 6.- Os equipos que por causas de forza maior (morte, enfermidade, cadela en celo, etc.) substitúisen un can/cadela do lote considerarase o mesmo equipo na clasificación da Copa Galicia, acreditando este extremo cun certificado veterinario. So poderán facerse dous cambios neste equipo na temporada salvo morte do can.
- 7.- A Copa España será puntuable para a Copa Galicia

COPA GALICIA DE SAN HUBERTO

- 1.- Os Campionatos Provinciais non serán puntuables para a Copa Galicia.
- 2.- Resultará campión da Copa Galicia aquel concursante que acade máis puntos en 1/3 das probas celebradas. Cando 1/3 do total das probas celebradas sexa inferior a tres computaranse os resultados das tres mellores probas. Cando 1/3 non sexa número exacto redondearase por exceso (exemplo: si se celebraran 11 probas redondearíase a 4 probas).
- 3.- No caso de empate, desempatarase pola suma total das segundas mellores puntuacións; si persiste o empate irase á suma total de tódalas probas puntuables. Se aínda así continuara o empate resolverase polas mellores puntuacións acadadas no apartado de tiro, polo que os organizadores das diferentes probas puntuables deberán remitir á FGC xunto coa acta de resultados da proba, as tarxetas de puntuación asinadas polos xuíces. De ser necesario novo desempate realizarase pola mellor puntuación acadada polos cans nas diferentes probas puntuables.

ANEXO II

SELECCIÓN GALEGAS

Especialidade	Categoría	Nº Deportistas
Paxariles		12
Compak Sporting	Home	4
	Dona	2
	Sénior	
	Veterano	
	Xuvenil	
	Master	
	Tiro adaptado	
Percorridos de Caza	Home	4
	Dona	2
	Sénior	
	Veterano	
	Xuvenil	
	Master	
	Tiro adaptado	
Xabaril		7
San Huberto	Masculino	4
	Dona	3
	Springer	3
Cans de Parada	Británicas	4
	Continentalais	2
Caza Menor		3
Arceas		2
Arco		9
Cetraría		5
Agility	25	1
	30	1
	40	1
	50	1
	60	1
Total		71